



## ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
PLE/2017/8	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	11 de setembro de 2017
<b>Duración</b>	Desde as 20:02 ata as 22:42 horas
<b>Lugar</b>	SALÓN DE PLENOS
<b>Presidida por</b>	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
<b>Secretaria</b>	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
35302226D	ALBA CORDEIRO MAGDALENO	SÍ
78732036T	ALFREDO IGLESIAS SANTOS	SÍ
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
36042960M	DOLORES GALLEGO SANTOS	SÍ
52494246N	FRANCISCO SOLIÑO SOLIÑO	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	SÍ
35300902L	JESUS MANUEL GRAÑA GRAÑA	SÍ
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO	SÍ
35285485N	JOSE É SOTELO VILLAR	SÍ
36102469J	JOSÉ LUIS GESTIDO PORTO	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SÍ
78735128X	MARIA DOLORES HERMELO PIÑEIRO	SÍ



**Concello de Cangas**

78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
78734493L	PÍO MILLÁN BLANCO	SÍ
78735144A	RAFAEL SOLIÑO COSTAS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	SÍ
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNXELA VIZOSO MARCOS	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

**A) PARTE RESOLUTIVA**

**Aprobación da acta da sesión anterior realizada o 28 de xullo de 2017**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

O Sr. Pérez Gallego pide que conste en acta que prometeu o cargo, por imperativo legal.

O Sr. Iglesias Santos indica que na moción presentada polo PSOE na súa última intervención di "cuestión difícil", cando el dixo "cuestión diferente", referido aos menores de 14 anos)

Pide que se paxinen as actas.

O Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a acta da sesión anterior realizada o 28 de xullo do 2017.

**Expediente 180/2017. C-17/03 Aprobación do expediente de contratación para a prestación do servizo de xestión integral do alumeado exterior do Concello**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 11, En contra: 1,

Abstencións: 9, Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día

**Concello de Cangas**



30.08.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta do expediente de contratación para a prestación do servizo de xestión integral do alumeadado exterior do Concello do día 25.08.2017, que é como segue:

*“Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 6.02.2017 polo que se inicia o expediente administrativo para a adxudicación do contrato mixto de subministro e servizos para a xestión integral do alumeadado exterior deste Concello.*

*Visto que constan incorporados ao expediente o prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) e o de prescricións técnicas (PPT), e que se emitiron os informes preceptivos de Secretaría (24.08.2017) e Intervención (informe 2017-0101 [SCM-103-17] do día 25.08.2017).*

*Por todo o que antecede, ao PLENO propoño a adopción do seguinte,*

#### ACORDO

*Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación para a prestación do servizo de xestión integral do alumeadado exterior do Concello de Cangas xunto cos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o procedemento de licitación e que constan como anexos a este acordo.*

*Segundo.- Abrir o procedemento de licitación mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria, debendo publicar os correspondentes anuncios de licitación no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE), no Boletín Oficial do Estado (BOE), no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e no Perfil de Contratante.*

*Terceiro.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico e Intervención.”*

#### DELIBERACIÓNS:

**Sra. Giráldez Santos:** explica o contido da proposta. Indica que o problema actual é que a iluminación exterior presenta moitas deficiencias e así consta no estudo elaborado ao respecto pola empresa contratada polo Concello para estes efectos. Fai un resumo do contido do estudo que indica que o servizo de iluminación non cumpre os parámetros legais e que está referido á totalidade dos puntos de luz do concello.

Lembra a obriga imposta pola normativa europea en materia de aforro enerxético que establece como límite o ano 2020. Explica que hai axudas nesta materia, pero que non van garantir a mellora lumínica en todo o concello.

Considera que a tramitación deste expediente é un reto moi importante que vai permitir unha mellora enerxética e un grande aforro. Indica que os pregos foron estudados e revisados tanto polos técnicos municipais coma polos técnicos que elaboraron o estudo da iluminación municipal.



**Sr. Abalo Costa:** recalca a importancia deste expediente, indica que hai un 95% de luminarias que incumpren a legalidade. Considera que é un problema de gran importancia que o goberno municipal ten a obriga de resolver. Resalta que o expediente conta co informe favorable do interventor, polo que non entende que a oposición presente o uso doutras vías de financiamento para este expediente. Indica que os pregos foron elaborados con grande rigor. Cre que o expediente non se pode demorar por razóns de seguridade e por razóns medioambientais. Lembra que a solicitude de axudas nesta materia non cubrirían máis aló do centro de Cangas, sen cubrir as parroquias, por iso non é unha opción que vaia a resolver o problema actual.

**Sr. Gestido Porto:** ten claro que é necesario buscar unha solución aos problemas sobre a iluminación exterior. Considera curioso que o informe de Intervención fala da existencia de certas dúbidas cando o Sr. Abalo indica que non hai outras opcións para xestionar este servizo. Indica que non hai un informe xurídico e que é curioso que o prego fora elaborado por unha empresa que se vai a presentar á licitación. Pide que se inclúan no expediente a iluminación dos edificios municipais. Di que se vai a abster.

**Sr. Alcalde:** di que a empresa que elaborou os pregos é unha consultora que en ningún caso se pode presentar á licitación.

**Sr. Iglesias Santos:** indica que no orzamento 2017 o gasto de consumo eléctrico ronda entre os quinientos e os seiscientos mil de euros anuais, fronte ao gasto que se plantexa nos pregos, sen incluír os edificios municipais. Cre necesario estudar outras opcións de produción de enerxía eléctrica. Recalca que o servizo se iniciará no 2018, polo que este expediente vai condicionar ao futuro goberno municipal, xa que terá unha vixencia de oito anos. Pregunta que vai pasar cos electricistas municipais. Di que non entende que se pase por enriba das axudas da UE as que se se podería optar, pide que estas opcións se valoren. Cre que este expediente supón moitos cartos cun resultado moi incerto, xa que ata fai pouco o propio goberno non tiña claro o prazo de execución do contrato.

**Sra. Hermelo Piñeiro:** di que lle sorprende enormemente esta privatización, se cada ano hai que pagar seiscientos vinte mil euros, e o beneficio será de catrocentos mil, o certo é que eses 200 mil euros os terá que pagar a cidadanía de Cangas. En oito anos o Concello atoparase que con que finaliza o contrato e terá que renovar por medios propios as luminarias. Non entende que o Concello non solicite as axudas da UE coa excusa de que non nos van conceder tal axuda. Considera que este expediente é unha operación de crédito encuberta, e é algo que o propio interventor non o ten claro e así o reflicte o seu informe. Non entende que se opte por un expediente destas características existindo outras opcións. Visto o cadro de prezos cre que o expediente é unha barbaridade, polo que pide que se deixe sobre a mesa e se debatan outras opcións.

**Sr. Alcalde:** recalca que o informe de intervención é favorable. Sinala que non é o mesmo o gasto en mantemento que o gasto en reposición de elementos.

Aclara que os traballadores municipais se manterán nos seus postos actuais e nas mesmas condicións.

**Sra. Giráldez Santos:** indica que o mantemento actual é correctivo e co expediente que se está a tramitar se pretende garantir un mantemento preventivo. Os traballadores municipais realizan un mantemento correctivo e sen poder abarcar todo o término municipal nos seus desprazamentos diarios. Se trata de aforrar uns 400 mil euros para investir en mantemento. Aclara que se van



cambiar todas as luminarias e cadros o que ten un custo de seiscentos euros por punto de luz, na liña marcada polo IDAE. Lembra que o estudo técnico se puxo a disposición de todos os grupos, así como tamén se lles invitou a reunirse coa empresa consultora que elaborou os pregos.

Sinala que se aforrará un 78% en contaminación lumínica e que o prego establece uns mínimos que poderán ser mellorados polas empresas licitadoras na súa oferta.

**Sr. Abalo Costa:** fai referencia ao informe elaborado polos electricistas municipais. Indica que estamos ante un problema grave sobre o que se ten que actuar. Aclara que se rebaixaron os anos de prestación do servizo o máis posible. Lembra que o PP asinou un contrato de xestión do ciclo da auga por 25 anos que ía a presentar un volume de investimentos de 3 millóns de euros. O expediente actual presenta un volume de investimentos máis beneficioso para o concello, polo que non entende que o PP estea en contra.

**Sr. Iglesias Santos:** fai referencia ao informe de Intervención onde di que *“Esta observación resulta significativa por canto que poderíamos estar ante unha operación de endebedamento encuberta baixo a aparencia dunha operación contractual, operación para a que o Concello de Cangas debería solicitar autorización do organismo de tutela financeira”*. Di que o goberno municipal pode tomar as decisións que considere, pero el non o vai apoiar.

**Sr. Gestido Porto:** pregunta se están convencidos de que a empresa que fixo o estudo non se vai presentar á licitación, xa que pertence a un grupo de empresas que si poderían presentar oferta. Indica que el si asistiu a unha reunión onde se presentou un estudo a executar en 14 anos cando agora o expediente establece un prazo de 8 anos. Fai referencia á conclusión final do informe de intervención que indica ter dúbidas interpretativas.

**Sra. Hermelo Piñeiro:** sinala que o interventor fala no seu informe do crédito encuberto que vai supoñer este expediente. Tamén se indica no seu informe que non se garante que haxa un aforro para o concello e o di ben claro. Considera que este expediente é unha privatización pura e dura e cre que podería terse tramitado doutra maneira. Di que o PP se vai abster.

**Sr. Hermelo Álvarez:** indica que este expediente foi moi traballado e debatido. Fai referencia a que o prego recolle a existencia da subministradora de estar certificada en sostenibilidade o cal cre que é un paso moi importante a nivel ecolóxico.

**Sra. Giráldez Santos:** di que se trata de acadar unha mellora enerxética para o Concello e para iso o Concello necesita unha fórmula de financiamento para todo o termo municipal. Aclara que este expediente garante unha nova instalación para o Concello, polo que dentro de 8 anos a obriga sería só cambiar as luminarias, pero terá unha instalación totalmente nova garantizada, con aforro enerxético, mellora medioambiental e un servizo de calidade para a cidadanía.

**Sr. Abalo Costa:** di que esta actuación está permitida tanto polo IDAE coma polo interventor municipal, o que permitirá solucionar un problema fronte ao que a oposición non propuxo unha alternativa válida.

#### **VOTACIÓN E ACORDO:**

**Votos a favor:** 11 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG e 3 da ASPUN)

**Votos en contra:** 1 do concelleiro do PsdeG-PSOE



**Abstencións:** 9 (8 dos/as concelleiros/as presentes do PP e 1 de Cangas Decide)

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

**Expediente 4890/2017. Inicio do expediente de resolución do contrato de xestión do ciclo integral da auga**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 11, En contra: 0,

Abstencións: 9, Ausentes: 1

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 30.08.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da Proposta da Alcaldía do día 25.08.2017, relativa ao expediente de resolución do contrato de xestión do ciclo integral da auga que é como segue:

*“Proposta de acordo de inicio de expediente de resolución do contrato de Xestión do Servizo Público relativo ao Ciclo Integral da Auga do concello de cangas.*

*Con data 24 de outubro de 2014 foi asinado entre o Concello de Cangas e UTE Gestión Cangas o contrato de Xestión do Servizo Público, mediante concesión administrativa, relativo ao Ciclo Integral da Auga do Concello de Cangas.*

*O devandito contrato foi adjudicado definitivamente, por un prazo de execución da concesión de vinte e cinco anos, por acordo do Pleno de data 26/09/2014, en virtude do expediente de contratación iniciado mediante Decreto da Alcaldía de data 02/05/2013 no que o anteproxecto de explotación foi aprobado definitivamente en sesión plenaria de data 31/01/2014, e aprobándose o expediente de contratación, incluídos o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o de Prescricións Técnicas mediante acordo do Pleno do Concello en sesión de data 30/05/2014.*

*O Concello en defensa dos intereses xerais por resolución da Alcaldía de data 04/08/2016 esixiu á concesionaria a xustificación de determinados extremos relativos ao funcionamento do servizo e o cumprimento das obrigas asumidas en virtude do contrato asinado.*

*A adjudicataria cumprimentou o requirimento citado por escrito de data 25/08/2016. A resposta ofrecida pola adjudicataria non só non serviu para despexar as dúbidas sobre o cumprimento das obrigas contractuais asumidas pola empresa no momento da sinatura do contrato se non que puxo en evidencia o incumprimento de varias desas obrigas que, pola súa transcendencia e posible cualificación como esenciais, motivaron que se requirise a emisión de informes técnicos para poder valorar o grao de cumprimento do contrato suscrito resultando á vista dos mesmos que a concesionaria estaría a incumprir as obrigas contractuais que a seguir se enumeran:*

**1.- INCUMPRIMENTO DO PLAN DE INVESTIMENTOS NAS REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO ASUMIDO POLA CONCESIONARIA.**

*Sendo requirida a concesionaria para que acreditase o cumprimento do plan de investimentos descrito no anteproxecto de explotación e prego de prescricións técnicas, a contratista asume*



*coa súa resposta o incumprimento dos mesmos, tratando de xustificalo con dous argumentos: que non se procedeu pola Administración a aprobar os proxectos de execución de obras, e que o desenvolvemento dos investimentos viuse dificultado pola actuación do Concello en relación coa aprobación de padróns e tarifas (pto. 6.2 do escrito de data 25/08/2016).*

*O anterior é motivo suficiente para dar inicio ao presente expediente resolutorio do contrato citado.*

*A este respecto hai que recordar que a cláusula primeira do contrato suscrito dispón que “A UTE GESTIÓN CANGAS con CIF nº U27808914, a través do seu representante D. David Cayetano Soneira Fernández, obrígase a execución mediante concesión administrativa, do contrato de xestión do servizo público relativo ó Ciclo Integral da Auga do Concello de Cangas, con estrita suxeición ao prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que figuran no expediente, documentos contractuais que acepta incondicionalmente e sen reserva algunha, do que deixa constancia asinando neste acto a súa conformidade con eles. O contratista queda obrigado ademais, ao cumprimento das condicións propostas na súa oferta e ás instrucións que reciba por parte do Concello.”*

*Requirido informe do arquitecto municipal Alfonso Lage Pérez e da arquitecta técnica municipal Carmen Gómez Cancela en relación co estado actual e materialización das obras contidas no contrato de xestión do servizo público do ciclo integral do auga do Concello de Cangas con data 21/04/2017 informan: “que revisada a documentación obrante no departamento e tras visita de comprobación ás instalacións obxecto do presente informe , en referencia ao estado actual e materialización das obras de mellora ofertadas no prego de contratación da concesión do ciclo integral do auga pola empresa UTE CIVIS GLOBAL-AQUALIA infórmase o seguinte:*

*1.- Non consta a execución ao día de hoxe de ningunha das obras que aparecen no listado que se axunta á petición do informe: “Apendice 3, investimentos”.*

*2.- Visitada as instalacións da EDAR se constata que non está en funcionamento o sistema terciario da mesma*

*3.- Non consta que se executaran as melloras nos bombeos sinaladas no referido apéndice”.*  
*O apéndice 3 do anteproxecto de explotación do ciclo integral da auga incorporado ao contrato ao que se refire o informe anterior prevé unha relación de investimentos en materia de abastecemento, saneamento e depuración coa súa valoración, incluíndo ademais un calendario para a súa execución. Segundo resulta do informe reproducido non se tería realizado ningún dos investimentos proxectados, incluídos aqueles que se sinalaban como de máxima prioridade e que polo tanto deberan terse executado dentro dos 6 primeiros meses de vixencia do contrato suscrito e tamén os sinalados como prioritarios para os que se prevía un marxe de execución de 2 anos.*

*De todo o ata aquí exposto resulta que a concesionaria ten incumprido o plan de investimentos nas redes de abastecemento e saneamento aos que viña obrigada. A non realización das melloras que se incluían na oferta da empresa adxudicataria e o incumprimento do compromiso de investimento recollido no anteproxecto de explotación (ambos recollidos como obriga na cláusula 10ª do PPT) supoñen unha clara vulneración da esencia do contrato, pois o investimento ponse en directa relación coas necesidades de explotación e mellora do servizo que dan lugar á subscripción do contrato de xestión. Compre salientar que a previsión de obras prioritarias e de máxima urxencia non é arbitraria e responde a necesidades especiais que, de non executarse nos tempos previstos, repercuten nos intereses da cidadanía en xeral, e de*





*determinados colectivos en particular, coma o sector pesqueiro*

*A argumentación ofrecida pola concesionaria deberá ser valorada con ocasión do procedemento contradictorio de resolución contractual. En calquera caso cabe recordar que respecto á falta de aprobación de proxectos de execución por acordo de Xunta de Goberno Local de data 20/04/2015 foron aprobados os proxectos de actuacións de urxencia para a mellora e ampliación das redes de abastecemento de sumidoiros e o proxecto de mellora nos bombeos de residuais, acordos que lle foron notificados á concesionaria o 30/04/2015, e que aínda non foron executados. O anterior desbota a argumentación manifestada pola concesionaria, a quen lle corresponde a iniciativa na execución dos investimentos e demostra que por parte do Concello si se están a aprobar os proxectos de obra que se lle presentan.*

## **2.- INCUMPRIMENTO DA OBRIGA DE ELABORACIÓN DO ESTUDO DE IMPACTO AMBIENTAL.**

*Visto o contido do apartado 7.6 do PPT relativo ao xestión de calidade e medioambiental, esta cláusula expresamente establece como obriga da concesionaria a de elaborar un estudo de impacto ambiental nos seguintes termos “Deberá tamén elaborar, dentro dos tres primeiros meses de vixencia do contrato, un estudo de impacto ambiental provocado pola prestación dos servizos contratados, cuxo contido respectará o establecido na normativa vixente”.*

*O informe emitido pola enxeñeira do departamento de Medio Ambiente de data 05/05/2017 respecto ao estudo de impacto medioambiental requirido sinala que non se ten constancia neste departamento de que se presentase por parte da empresa concesionaria UTE GESTIÓN CANGAS un Estudo de Impacto Ambiental se ben no escrito da concesionaria de 25/08/2016 se fai referencia a esta documentación.*

*Segundo o escrito da concesionaria de data 25/08/2016 emitido a requirimento do Concello esta non realizou nin redactou ningún proxecto dende o comezo do servizo, polo que, segundo este escrito, non procede que se dispoña ningunha tramitación ambiental neste senso, por canto non existiu dita exposición pública de proxecto construtivo. Respecto a esta argumentación o Concello entende que a cláusula citada 7.6 PPT suporía unha dobre obriga:*

- a de elaborar un estudo de impacto ambiental derivado da prestación dos servizos contratados, a realizar dentro dos tres primeiros meses de vixencia do contrato.*
- a de someter todos os proxectos de obra que a concesionaria teña que executar a tramitación ambiental.*

*En conclusión, en contra do criterio da concesionaria, a falta de realización dun estudo de impacto ambiental provocado pola prestación dos servizos contratados nos tres primeiros meses de vixencia do contrato, supón o incumprimento da obriga contraída de acordo co previsto na cláusula 7.6 PPT antes reproducida e consecuentemente o incumprimento da obriga de carácter esencial establecida nos apartados 1 e 33 da cláusula 37 PCAP que se refiren a prestación dos servizos cumprindo estritamente o disposto nos pregos do contrato. Entendendo que se trata un incumprimento de carácter básico na medida na que a observancia das obrigas en materia medioambiental e de cumprimento de toda a normativa europea, estatal, autonómica e local neste eido non poden senón supoñer un aspecto básico e esencial da contratación que resulta suficiente para iniciar o presente expediente de resolución contractual por incumprimento de obrigas esenciais imputable á concesionaria.*

## **3.- FALTA DE PRESENTACIÓN DAS CERTIFICACIÓNS DO CUMPRIMENTO DAS NORMAS**





**UNE-EN-ISO 9000 DO SISTEMA DE XESTIÓN DE CALIDADE E UNE-EN-ISO 14.000 RESPECTO A XESTIÓN AMBIENTAL.**

*Tal e como se dispón na cláusula 7.6 do PPT “A adxudicataria deberá estar certificada nas normas UNE-EN-ISO 9000 do sistema de xestión de calidade e UNE-EN-ISO 14.000 respecto a xestión ambiental no que atinxe aos servizos obxecto do contrato.*

*Visto o tempo transcorrido dende o inicio da vixencia do contrato sen constancia no Concello do cumprimento desta obriga por resolución da Alcaldía de data 06/08/2016 foi requirida expresamente esta acreditación á adxudicataria.*

*A concesionaria na súa resposta ao requirimento citado, por escrito de data 25/08/2016, respecto a este aspecto sinala que achegou por medio de escrito de data 10/02/2015 documentación sobre estas certificacións (non as certificacións ás que está obrigada) e implicitamente reconece polo tanto no citado escrito de data 25/08/2016 que nesa data aínda carece delas sinalando expresamente que a certificación definitiva AENOR quedou posposta para o último trimestre do pasado ano 2016.*

*Tal e como se sinalaba no apartado anterior este incumprimento tería carácter esencial en base ao disposto nos apartados 1 e 33 da cláusula 37 PCAP que se refiren a prestación dos servizos cumprindo estritamente o disposto nos pregos do contrato. E vista a argumentación anterior relativa ao carácter básico dos incumprimentos das obrigas medioambientais que en principio e a expensas da súa constatación no expediente contraditorio que agora se inicia sería imputable á concesionaria.*

**4.- INCUMPRIMENTO DA OBRIGA DO PPT RELATIVA Á REPARACIÓN OU REPOSICIÓN DOS COMPOÑENTES DO TRATAMENTO TERCIARIO E A SÚA POSTA EN FUNCIONAMENTO NO PRAZO DE UN ANO.**

*O seguinte dos incumprimentos do contrato nos que incorrería a concesionaria é o relativo a obriga de reparación ou reposición dos compoñentes da instalación de tratamento terciario construída no ano 2007 e a súa posta en funcionamento no prazo de un ano a partir da adxudicación da concesión, posta en marcha que non se ten producido como se acredita no informe do arquitecto municipal Alfonso Lage Pérez e da arquitecta técnica municipal Carmen Gómez Cancela de data 21/04/2017.*

*A Cláusula 37ª apartado 5 do PCAP expresamente dispón como obriga da concesionaria a de “manter adecuadamente e conservar en perfecto estado todas as instalacións e equipos das plantas, realizando os traballos necesarios para a explotación, mantemento e conservación das instalacións adscritas ao servizo (EDAR, redes...) nas condicións establecidas na cláusula 11 do PPT.*

*A cláusula 10 do PPT relativa ás obras e instalacións por conta da adxudicataria establece que “O mantemento, conservación e reparación de todas as instalacións do servizo cedidas á adxudicataria para a súa explotación e as que se incorporen por ampliacións, novas urbanizacións, etc. Durante todo o período do contrato serán pola súa conta.”*

*A este respecto o anteproxecto de explotación do ciclo integral da auga no apéndice 3 de investimento, no seu apartado 2.2, titulado Posta a punto e reparación de equipos avariados das EDAR, menciona con carácter particular a necesidade de reparación da instalación de tratamento terciario obxecto do presente apartado, esta mención expresa pon de manifesto a*



*importancia que esta Administración lle outorgaba a esta obriga, de feito non se menciona ningunha outra con carácter particular.*

*Así o punto 2.2 mencionado di “considerouse necesaria a reparación da instalación de tratamento terciario, composta actualmente por un filtro textil e unha desinfección UV, que foi construída no ano 2007 e que nunca chegou a empregarse. O tratamento terciario deberá poñerse en marcha no prazo de un ano a partir da adxudicación da concesión.”*

*A cláusula 11 do PPT titulado Explotación, mantemento, conservación e reparación das obras e instalacións adscritas ao servizo sinala ao respecto que “a empresa concesionaria estará obrigada a realizar, a súa custa, a explotación, mantemento e conservación e reparación de todas as instalacións necesarias para unha efectiva explotación do servizo, nas condicións actuais nas que se entregan e sobre as que non se poderá efectuar ningunha observación ou reclamación no futuro. Será responsable do seu bo funcionamento e conservación e corresponderalle, polo tanto, a explotación, vixilancia, conservación, mantemento, reparación e reposición destas e das que poidan entregarse non futuro.”*

*Máis adiante na mesma cláusula, no apartado 11.3 relativa á depuración de augas residuais se establece: “A actividade de depuración comprenderá as seguintes actuacións a cargo da concesionaria: (...)e. Reparar ou repoñer todos os elementos ou equipos deteriorados das instalacións, incluídos os compoñentes do tratamento terciario.” Novamente polo tanto se fai mención expresa a esta necesidade remarcando o especial interese desta Administración en que se acometese a reparación da instalación de tratamento terciario existente na EDAR.*

*Por se fose pouco neste punto cómpre salientar que os sucesivos informes técnicos de desenvolvemento do servizo emitidos periodicamente por Augas de Galicia (ADANTIA) sobre o funcionamento da EDAR reiteradamente sinalan ano tras ano como incidencia a falta de posta en servizo do sistema de desinfección ultravioleta citado e igualmente repetidamente no apartado de recomendacións xerais inciden na necesidade de que se revise e poña a punto para o seu funcionamento, así por exemplo no informe correspondente a Marzo-Abril 2017 se reflicte esta recomendación repetindo a xa realizada en informes anteriores de 2015 e 2016 reflictindo o motivo da súa importancia “Este aspecto é importante xa que a EDAR verte a unha zona GAL (GAL-11/04) moi próxima a unha zona de baño (Praia de Areamilla)”.*

#### **5.- INCUMPRIMENTO DA OBRIGA DE MANTEMENTO ADECUADO E CONSERVACIÓN DAS INSTALACIÓNS (DEPURADORA DE DONÓN).**

*En agosto de 2016 comprobouse por parte do Concello que se estaba a producir unha vertedura que tería a súa orixe na estación depuradora do río de Donón, sendo requirido informe da policía local, foi emitido por esta o informe nº 1677/16 de data 25/08/2016 no que se dá conta da existencia dunha grande vertedura presumiblemente fecal con orixe na instalación e que segundo o citado informe cubre 200 metros de canle do río augas abaixo a partir da depuradora, sen poder comprobar máis tramo do río pola vexetación existente.*

*Posteriormente o 30/08/2016 emítese novo informe da policía local co nº 1697/2016 dando conta da toma de mostras para o seu posterior análise polos laboratorios VITHAS LAB- Lema y Bandín cos resultados que constan nos informes nº 95176648 (augas arriba da depuradora) e 95176649 (augas abaixo da instalación) de data 16/09/2016 que confirman o vertido.*

*Igualmente a vista dos feitos foi solicitado informe sobre a EDAR de Donón á empresa Halia Servicios S.L. informe que foi entregado no rexistro de entrada do Concello o 16/09/2016 no que*



*o seu autor, o enxeñeiro Rafael Llano de la Concha, sinala respecto a vertedura que se trata dun vertido continuado e non puntual, sinalando a este respecto como motivo “a falta de dedicación ao non realizarse ningún tipo de Mantemento e control sobre o sistema de depuración instalado”. Nas súas conclusións o informe apunta á necesidade de deseñar un protocolo de actuacións sobre a Empresa Explotadora polos continuos desaxustes que veñen sucedéndose.*

*O anterior suporía un incumprimento do disposto na Cláusula 37ª apartado 5 do PCAP que expresamente dispón como obriga da concesionaria a de “manter adecuadamente e conservar en perfecto estado todas as instalacións e equipos das plantas, realizando os traballos necesarios para a explotación, mantemento e conservación das instalacións adscritas ao servizo (EDAR, redes...) nas condicións establecidas na cláusula 11 do PPT.*

*A cláusula 11 do PPT titulado Explotación, mantemento, conservación e reparación das obras e instalacións adscritas ao servizo sinala ao respecto que “a empresa concesionaria estará obrigada a realizar, a súa custa, a explotación, mantemento e conservación e reparación de todas as instalacións necesarias para unha efectiva explotación do servizo, nas condicións actuais nas que se entregan e sobre as que non se poderá efectuar ningunha observación ou reclamación no futuro. Será responsable do seu bo funcionamento e conservación e corresponderalle, polo tanto, a explotación, vixilancia, conservación, mantemento, reparación e reposición destas e das que poidan entregarse no futuro.” E máis en particular no apartado 11.3 da mesma cláusula relativo á depuración de augas residuais sinala a obriga da concesionaria de “a. manter o funcionamento normal das estacións depuradoras de forma ininterrompida e conseguindo, en todo momento, uns índices de depuración que correspondan, como mínimo aos rendementos normais e condicións que se indican en cada caso.””d. conservar e manter en perfecto estado todas as instalacións, equipos e elementos das plantas, incluídas as instalacións de control, automatismo e información.”*

*En conclusión, respecto ao episodio de vertido na depuradora de Donón ocorrido no verán de 2016, queda acreditado cos informes aos que se ven de facer referencia que a orixe do vertido estaba na instalación e que este viría motivado por non realizarse ningún tipo de mantemento e control sobre o sistema de depuración instalado, estando esta obriga atribuída expresamente e con carácter esencial á adxudicataria.*

#### **6.- INCUMPRIMENTO DO CONTRATO, POR FALTA DE PRESENTACIÓN DO PLAN DIRECTOR DEFINITIVO DE ACORDO E DUN PLAN DE FUGAS.**

*A cláusula 11.5 do PPT establece que “dentro do primeiro ano de contrato, a concesionaria deberá presentar o plan director do servizo definitivo, que será aprobado polo Concello.”*

*Transcorridos máis de dous anos dende a entrada en vigor do contrato non existe constancia no Concello da presentación deste plan. Neste senso a propia concesionaria no seu escrito de 25 de agosto de 2016 reconece explicitamente a inexistencia do Plan Director Definitivo motivando este incumprimento cos problemas ocorridos coas tarifas da auga, argumento que, como xa queda dito, non serve para xustificar o incumprimento das obrigas que lle corresponden como concesionaria.*

*Do mesmo xeito ocorre co incumprimento da obriga de elaborar un plan de fugas que tampouco foi presentado ao Concello malia que a cláusula 11.1.7 do PPT establece que a concesionaria “obrigase a (...)establecer un plan ben estruturado de busca de fugas.*

*Os incumprimentos enumerados son susceptibles de fundar a causa de resolución contractual contida no artigo 223.f) do RDL 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto*



*refundido da Lei de Contratos do Sector Público, por constituír obrigas contractuais esenciais cualificadas como tales nos pregos da contratación tal e como se ten xustificado ao expoñer cada un deles.*

*A continuación acompañase unha relación cronolóxica dos informes e denuncias formalizadas por distintos entes que poñen ao descuberto deficiencias notorias no funcionamento e xestión do servizo do ciclo integral da auga que pasamos a concretar:*

- Acta Denuncia da Garda Civil de data 24/11/2014 por vertidos dende o bombeo de Vilariño.*
- Acta Denuncia da Garda Civil de data 04/02/2015 por vertidos no bombeo de Vilariño.*
- Informe da Policía Local de 15/02/2015 sobre vertido de augas residuais ao mar ao carón da lonxa do porto de Cangas.*
- Informe da Policía Local de 01/03/2015 sobre augas sen depurar que verten ao mar na zona da Congorza procedentes da depuradora da Areamilla.*
- Acta Denuncia da Garda Civil de data 09/03/2015 por vertido de augas residuais ao mar dende o bombeo de Vilariño*
- Acta Denuncia da Garda Civil de data 12/03/2015 por vertido de augas residuais ao mar dende o aliviadoiro da EDAR de Balea actuando por chamada do Patrón Maior da Confraría de Pescadores de Cangas.*
- Informe da Policía Local de 20/06/2015 sobre vertido augas fecáis no río Orxas á altura da avda. José Graña.*
- Informe da Policía Local de 21/06/2015 sobre vertido augas fecais na praia de Rodeira.*
- Informe da Policía Local de 25/07/2015 sobre vertedura de fecais ao mar na beiramar,*
- Acta Denuncia da Garda Civil de 27/07/2017 por vertido de augas residuais no río da Canle Herbello procedente dun fallo no bombeo da rede municipal.*
- Informe da Policía Local de 03/11/2015 sobre vertidos de augas fecais ao mar na zona da Congorza ( depuradora ).*
- Informe da Policía Local de 07/11/2015 sobre vertido da depuradora.*
- Acta denuncia da Garda Civil de 06/01/2016 por vertido de augas residuais sen depurar no bombeo de Vilariño.*
- Acta denuncia da Garda Civil de 07/01/2016 por vertido de augas residuais sen depurar a praia de Pinténs.*
- Acta denuncia da Garda Civil de 11/02/2016 por vertido de augas residuais sen depurar no bombeo de Vilariño.*
- Informe da Policía Local de 20/02/2016 sobre vertido de augas residuais no peirao de Cangas ó carón do parque infantil da estación de autobuses.*
- Acta denuncia da Garda Civil de 20/02/2016 por vertido de augas residuais sen depurar no bombeo de Vilariño.*
- Informe da Policía Local de 22/02/2016 sobre vertido de augas fecais cara ó mar no peirao da Congorza.*
- Acta denuncia da Garda Civil de 23/02/2016 por vertido de augas residuais sen depurar polo aliviadoiro da EDAR de Balea*
- Informe da Policía Local de 06/03/2016 sobre augas sen depurar que verten ao mar na zona da Congorza procedentes da depuradora de Areamilla.*
- Informe da Policía Local de 03/04/2016 sobre vertedura da depuradora de Areamilla.*
- Informe da Policía Local de 05/04/2016 sobre vertido de augas fecais na praia de Menduíña.*
- Acta denuncia da Garda Civil de 06/04/2016 por vertido de augas residuais sen depurar dende o bombeo da rede de saneamento na praia de Menduíña (Aldán).*
- Informe da Policía Local de 10/04/2016 sobre vertido augas turbias no peirao de Cangas.*
- Informe da Policía Local de 19/04/2016 sobre vertido de augas fecais ao río de Vilariño, R/ David Cal.*





- Acta denuncia da Garda Civil de 19/04/2016 por vertido de augas residuais sen depurar no bombeo de Vilariño.
- Informe da Policía Local de 26/04/2016 sobre vertido de augas residuais en Vilariño.
- Acta denuncia da Garda Civil de 24/05/2016 por vertido de augas residuais sen depurar na desembocadura do río Orxas dende o bombeo da rede municipal de saneamento.
- Informe do operario municipal. D. Andrés Hermelo Dacosta sobre anomalías graves no bombeo de Vilariño.
- Informe da Policía Local de 01/07/2016 sobre incidencia na depuradora de Areamilla. Nesa mesma data denuncia do veciño D. José Manuel Pintos Llópiz sobre deficiencias mesma EDAR.
- Acta denuncia da Garda Civil de 12/07/2016 por vertido de augas residuais sen depurar no río Bouzós (Coiro) dende a rede de saneamento.
- Escrito do mesmo veciño, José Manuel Pintos, remitindo denuncias diversas a Xunta.
- Acta denuncia da Garda Civil de 18/02/2017 por vertido de augas residuais sen depurar no bombeo de Vilariño.
- Acta denuncia da Garda Civil de 27/03/2017 por vertido de augas residuais sen depurar no río Bouzós (Coiro, Lugar de Romarigo) dende a rede de saneamento.
- Informe da Policía Local de verteduras de augas fecais na dársena do Porto de Cangas o día 03/06/2017.
- Informe da Policía Local por un vertido o 16/06/2017 na praia de Santa Marta procedente dun bombeo da rede de saneamento
- Escrito do veciño José Manuel Pintos Llópiz dando conta de malos cheiros no entorno da depuradora de 21/06/2017.
- Escrito de Modesta González Parcero de data 28/06/2017 dando conta dun vertido dende a rede de sumidoiros municipal, no pozo de bombeo da fábrica de Massó.
- Informe da Policía Local de Cangas de vertedura polo aliviadoiro do bombeo río de Vilariño de data 06/07/2017.
- Informe da Policía Local da vertido no Río Orxas en Aldán do día 06/07/2017.
- Escrito do veciño José Manuel Pintos Llópiz dando conta do depósito de sólidos procedentes da depuradora nos contedores de lixo de data 11/07/2017.
- Informe do funcionario municipal Andrés Hermelo Dacosta de data 12/07/2017 sobre deficiencias na instalación de depósito de auga municipal de Xielas (Ourelo).
- Informe da Policía Local de Cangas de vertedura ao río de Vilariño de data 26/07/2017.
- Referencia de notas de prensa do xornal Faro de Vigo facéndose eco de diversas denuncias e irregularidades na prestación do servizo do ciclo integral da auga, como por exemplo a do martes 01 de marzo de 2016 ou a do xoves 15 de decembro de 2016. En 2017 noticia do mesmo diario de data 05/07/2017 dando conta das denuncias presentadas polos veciños de Areamilla por vertidos da EDAR de Cangas dos días 27 e 28 de xuño de 2017.

Esta ampla relación demostra que os incumprimentos das obrigas contractuais da concesionaria anteriormente expostos están a ser reiterados no tempo e traer graves consecuencias para o medio ambiente e a cidadanía, poñendo en risco a sectores tan importantes na economía deste Concello como o pesqueiro (coa afección aos bancos pesqueiro e marisqueiro afectados polos vertidos) e o turístico (vertidos en praias).

A sinatura do actual contrato do ciclo integral da auga tiña por obxectivo dar solución a moitos destes problemas, os incumprimentos das obrigas contractuais da Concesionaria fixeron perder máis de dous anos na implantación das solucións que se tiñan deseñado a tal fin no contrato.

Visto o informe de secretaría de 24 de agosto de 2017 sobre o procedemento a seguir e a lexislación aplicable.

Por responsabilidade o Concello non pode permitir que esta situación se prolongue máis tempo e por tal motivo propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

*Primeiro.- Iniciar expediente de resolución do Contrato de Xestión do Servizo Público, mediante*



*concesión administrativa, relativo ao Ciclo Integral da Auga do Concello de Cangas subscrito o 24/10/2014 por incumprimento por parte do contratista das obrigas contractuais esenciais cualificadas como tales nos pregos da contratación.*

*Segundo.- Formar o expediente para a elaboración dos informes Xurídico, da Intervención e Técnicos que resulten precisos para a instrución e tramitación do expediente resolutorio conforme ao previsto no artigo 224.1 TRLCSP e o artigo 109 do Rd 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.*

*Terceiro.- Dar audiencia ao contratista por un prazo de dez días naturais desde a notificación do presente acordo, e ao avalista ou asegurador polo mesmo prazo, para os efectos de que presenten as alegacións e documentos que consideren convenientes.*

*Cuarto.- Delegar na Alcaldía-Presidencia, por razón de eficacia, as competencias do Pleno como órgano de contratación administrativa do servizo para actos de trámite e reservando para o Pleno a facultade de resolución.*

*Quinto.- Solicitar informe sobre as alegacións que se presenten e sobre a valoración dos bens que van reverter ao Concello se se procedese á resolución do contrato, en virtude do artigo 288.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto-Legislativo 3/2011, de 14 de novembro.*

*Sexto.- Requirir Ditame do Consello Consultivo de Galicia, cando se formule oposición por parte do contratista”*

#### DELIBERACIÓNS:

**Sr. Abalo Costa:** explica a proposta de acordo. Considera que a situación actual deriva da xestión realizada polo goberno anterior que adxudicou a concesión do ciclo da auga nunhas condicións prexudiciais para a cidadanía. Lembra as voltas que o propio goberno do PP deu respecto das tarifas da auga fixadas coa concesión que derivou na reclamación ante o xulgado da empresa concesionaria.

Indica que a proposta de iniciar o expediente de resolución do contrato de xestión do ciclo integral da auga pon de manifesto os incumprimentos contractuais da UTE concesionaria, facendo referencia a cada un dos puntos de incumprimento. Agradece a colaboración do PP á hora de denunciar os incumprimentos respecto do plan de investimentos nas redes de abastecemento e saneamento.

#### Incidencias:

Cando son as 21:00 horas abandona o Salón de Sesión o Sr. Alcalde e queda na Presidencia a primeira tenente de Alcalde, Sra. Giráldez Santos.

**Sr. Abalo Costa:** fai referencia aos informes técnicos e policiais que dan conta dos diversos incumprimentos por parte da concesionaria e tamén de actas do Goberno Civil e denuncias veciñais e da Confraría de Pescadores entre outros.





Incidencias:

Cando son as 21:02 horas abandona o Salón de Sesi3ns a concelleira Sra. Cordeiro Magdaleno.

Considera que dado o alcance e a gravidade dos feitos 3 necesario tramitar o expediente de resoluci3n do contrato seguindo os tr3mites marcados no informe de secretar3a.

**Sr. Gestido Porto:** cre que o inicio deste expediente 3 unha irresponsabilidade manifesta e pon de manifesto a incapacidade do equipo de goberno para negociar coa s concesionaria a mellora deste contrato. Di que con este expediente vaise provocar un desequilibrio econ3mico que vai ter que afrontar o Concello.

Incidencias:

Cando son as 21:05 horas incorp3rase ao Sal3n de Sesi3n o Sr. Alcalde.

Sinala que o expediente non conta con informe de Intervenci3n e o informe da Secretar3a 3 un mero informe de procedemento. Considera que deber3a sentarse o goberno coa empresa e buscar por esta v3a mellorar as condici3ns de prestaci3n do servizo.

**Sr. Iglesias Santos:** fai referencia 3s consecuencias que se poder3an derivar da resoluci3n deste contrato. O problema principal desta concesi3n est3 no cadro tarifario, no cadro de investimentos e no canon abonado pola empresa. Fai referencia 3s causas de resoluci3n dos contratos que figuran no informe de secretar3a. Considera que o rescate do servizo polo concello derivar3a na obriga de compensar 3 empresa polos beneficios futuros deixados de percibir, os danos e prexuízos causados, o abono das obras realizadas e a devoluci3n da parte proporcional do canon. A isto haber3a de sumarlle o importe que haxa que abonar pola modificaci3n das tarifas da auga que se realizou f3ra das previsi3ns contratuais. Mentres, a concesionaria veu prestando o servizo diariamente e acometeu certas melloras, o cal lle permitir3a reclamar a resoluci3n do contrato. Pide prudencia porque as consecuencias da resoluci3n do contrato para o concello poden ser moi graves. Bota en falta a presentaci3n dun estudo de custos que cuantifique econ3micamente o incumprimento da UTE concesionaria. Vaise abster.

**Sr. Mill3n Blanco:** explica que o canon 3 unha obriga legal dentro dun contrato de xesti3n do servizo, que ten por obxecto garantir os bens que a concesionaria recibe para prestaci3n do servizo. Lembra que o pleno municipal aprobou por unanimidade unha moci3n que marcaba unhas pautas que formaron a columna vertebral da concesi3n adxudicataria. Recoñece que o PP fixo fronte a un erro tarifario que se tratou de corrixir. Non entende que o goberno actual teña mantido d3as liñas contradictorias de actuaci3n fronte 3 empresa, negociando por un lado e por outro lado tratando de resolver o contrato. Lembra que esta mesma confusi3n se reflectiu no expediente de modificaci3n das tarifas tramitado polo actual goberno, expediente que se tramitou con base nun informe err3neo elaborado por EMALCSA, empresa que agora vai facer o informe t3cnico deste expediente de resoluci3n contractual.

Non entende que o goberno act3e de diferente forma seguindo o expediente de que se trate, no



punto anterior deciden polo ben dos veciños xestionar dunha forma o servizo de alumeado exterior e neste expediente actúa seguindo a liña contraria. Solicita a retirada do expediente porque falta un informe xurídico sobre o custo económico de rescisión do contrato e por outro lado non consta aberto ningún expediente sancionador polos incumprimentos da empresa concesionaria e pregunta si o feito de non ter tramitado tales expedientes sancionadores non sería prexudicial para o propio concello. Solicita que se incorpore por tales razóns un informe xurídico ao expediente.

**Sr. Abalo Costa:** considera que a situación actual de xestión da auga deriva dunha actuación do goberno anterior. Cre que as intervencións da oposición foron propias dos cargos da empresa concesionaria e non dos concelleiros municipais. Parece que a empresa o fixo todo ben e os que o están a facer todo mal son os membros do goberno municipal. Trátase dun expediente de inicio a partir do cal se incomparará a este todos os informes que sexan pertinentes, tal e como marca o procedemento descrito no informe de secretaría. Se non hai un informe do interventor é porque non é o momento procedimental de incorporalo. Fai referencia aos incumprimentos claros da empresa no relativo ao plan de investimentos e ao contemplado nos informes técnicos que xa figuran no expediente.

Aclara que si se abriron varios expedientes sancionadores, pero á vista dos incumprimentos existentes decidíuse que era oportuno proceder a iniciar a resolución do contrato. Aclara que a partir de agora se incorporarán ao expediente todos os informes técnicos, económicos e xurídicos que sexan pertinentes, incluído o ditame do consello consultivo.

**Sr. Gestido Porto:** pregunta cal é o plan previsto en caso de que se resolva o contrato; se se pediron informes xurídicos e de intervención ao respecto, e cal será o custo económico para o Concello en caso de que se resolva o contrato.

**Sr. Millán Blanco:** ten claro que este expediente vai provocar un claro retraso na realización de melloras e investimentos no servizo. Lembra a tramitación relativa ao sistema terciario da depuradora municipal. Sinala que en reiteradas ocasións Sr, Graña Graña pediu que se lle facilitaran os informes de incumprimento da empresa concesionaria e non se lle entregaron ata agora. Cre que o goberno tiña a obriga de tramitar expedientes sancionadores por cada un dos incumprimentos dos que se tivo constancia nestes anos. Reitera o pedimento dun informe xurídico que comprenda os diversos escenarios que se derivarán da resolución do contrato. Cre que a non tramitación ata o de agora dos diferentes expedientes sancionadores vai prexudicar ao concello na tramitación da resolución do contrato.

**Sra. Giráldez Santos:** di que o concello xa solicitou a elaboración dun estudo relativo aos posibles escenarios que se poden presentar ante a resolución do actual contrato do ciclo da auga, polo que tal estudo se vai a incorporar a este expediente de resolución durante a súa tramitación.

**Sr. Alcalde:** pide á Secretaria que se entregue ao grupo PP o convenio asinado por EMALCSA para a elaboración dos informes técnicos deste expediente.

**Sr. Abalo Costa:** di que o informe de intervención incorporárase máis adiante, xa que non é



preceptivo para poder inicial este expediente. Afirmar que no orzamento 2017 xa que incluíron catro obras para abastecemento e saneamento e así mesmo se aprobou hai unhas semanas un proxecto de obra en Herbello presentado pola empresa concesionaria. Recalca que xa están solicitados os informes que analicen o escenario futuro que se pode derivar da resolución do contrato. Indica que se trata dun acordo de aprobación inicial e que o expediente foi revisado polos servizos de apoio xurídico e por secretaría e intervención.

#### **VOTACIÓN E ACORDO:**

**Votos a favor:** 11 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG e 3 da ASPUN)

**Abstencións:** 9 (7 dos/as concelleiros/as presentes do PP, 1 do PsdeG-PSOE e 1 de Cangas Decide).

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

#### **Expediente 5573/2017. Moción do grupo municipal PP de 16.08.17, s/ arranxo do acceso ao barrio do Piñeiro en Aldán**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 30.08.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PP, presentada o día 01.08.2017, relativa a arranxo do acceso ao barrio do Piñeiro en Aldán, que é como segue:

*“A pesar das reiteradas peticións non só desta formación política (Fixémolo tanto no Pleno como por escrito) senón de moitos veciños/as, o acceso ao barrio do Piñeiro en Aldán está a punto de quedar inutilizado.*

*No mes de xaneiro seguramente froito das choivas e tamén do mal estado do tubo que cruza dito camiño e que conduce as pluviais ata o río Orxás, o pavimento baixou e pouco a pouco a zona afectada vai en aumento .*

*Despois de varios avisos, o Concello o pasado día 14 de febreiro colocou unha valla que impide o tránsito por riba da zona dañada, pero esta medida que debía ter carácter provisional seis meses despois estase a converter nunha solución definitiva, podendo afirmar que é un exemplo mais da profunda preocupación que ten o actual goberno municipal polo rural.*

*Si como parece a causa é a rotura dun tubo de pluviais, débese actuar canto antes pois coa chegada das choivas estamos convencidos de que se vai a producir a rotura total do pavimento imposibilitando non só o acceso rodado senón mesmo peonil por ese extremo do camiño do Piñeiro.*

**PROPOSTA DE ACORDO :**



*O Pleno do Concello de Cangas, insta ao equipo de goberno á urxente solución do citado problema no menor prazo posible.”*

**DELIBERACIÓNS:**

**Sr. Sotelo Villar:** explica o contido da moción, indicando que se fixo unha pregunta por escrito que non foi contestada e tamén se presentou un rogo en relación a este asunto que tampouco foi atendido, polo que a situación no acceso ao barrio de Piñeiro segue igual é por este motivo que se presentou esta moción, esperando que este problema se solucione antes de que empren as choivas.

**Sra. Giráldez Santos:** reconece que hai un retraso no arranxo deste acceso, polo que votarán a favor da moción.

**VOTACIÓN E ACORDO:** o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta presentada.

**Expediente 5574/2017. Moción do grupo municipal PP de 16.08.17, s/ licitación das obras de reforma da lonxa de Aldán**

**Desfavorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria  
A favor: 10, En contra: 11,  
Abstencións: 0, Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 30.08.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PP, presentada o día 01.08.2017, relativa á licitación das obras de reforma da lonxa de Aldán que é como segue:

*“Para dar resposta ás necesidades dos usuarios do Porto de Aldán a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro encarga o Consulting Estudio Técnico Gallego S.A., un proxecto de reforma integral da lonxa, proxecto que é entregado en decembro do 2015. Nel propónse sen modificar a superficie, unha nova de redistribución do espazo de sala de poxas a instalación das instalacións frigoríficas, cámara de fresco e de mantemento de conxelado con acceso ao exterior en cumprimento da normativa vixente e almacén. No primeiro andar iría a oficina de control da lonxa, oficina de administración, unha aula e aseos. Ademais no proxecto inclúese para eliminar os problemas de humidades, un acondicionamento xeral da edificación e tamén melloras nas instalacións de saneamento e abastecemento, e melloras dos pavimentos, climatización e servizos hixiénicos. A cuberta que na actualidade é de fibrocemento, sería substituída por unha nova de panel sándwich de aceiro, en acabado similar tella. O orzamento previsto era de 564.249,52 € IVE excluído .(Con IVE 682.741,91 €)*

*Con data 01 .06.2016 Portos de Galicia remite ao Concello de Cangas o proxecto de obras de reforma e de acondicionamento da Lonxa de Aldán, proxecto que entra no Concello o 03.06.2016 e sorprendentemente se perde.*

*Con data 14 de decembro do 2016, a xefa da Área de Explotación e Planificación de Portos*



*de Galicia reitera a solicitude de informe relativo ás obras de reforma e acondicionamento da Lonxa de Aldán achegando unha nova copia do proxecto.*

*Con data 28.12.2016 Portos de Galicia recibe un informe do Arquitecto Municipal no que se di que o Concello de Cangas conta con Normas Subsidiarias de Planeamento e que a parcela sinalada na documentación aportada presenta como cualificación urbanística do chan : Dominio público marítimo terrestre.*

*A realidade é que a Agosto do 2017 o Concello de Cangas non remitiu a documentación que Portos require para poder licitar as obras, cousa que o noso entender aínda que non se teña aprobado o Plan Especial Portuario non afectaría, pois estamos a falar dun espazo que xa está destinado ao mesmo uso que se pretende coas obras de reforma. Consideramos que sería unha irresponsabilidade perder esta inversión que desde fai tempo o sector ven demandando.*

*Por todo iso efectuamos a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:*

*O Pleno do Concello de Cangas insta ao equipo de goberno a remitir no prazo de un mes a documentación solicitada por Portos de Galicia para poder licitar as obras de reforma da lonxa de Aldán.”*

#### DELIBERACIÓNS:

**Sr. Soliño Costas:** explica o contido da moción presentada e dá lectura ao disposto nesta, facendo unha cronoloxía dos feitos.

**Sr. Alcalde** di que se reuníu co presidente de Portos de Galicia para falar sobre este tema.

**Sr. Abalo Costa:** di que votarán en contra porque a culpa desta situación non é do concello senón de Portos de Galicia.

Fai unha cronoloxía da tramitación do expediente ata data de hoxe. Indica que a ausencia dun plan de usos é responsabilidade de Portos de Galicia, e son eles os que deben resolver esta situación.

**Sr. Soliño Costas:** reconece que houbo un primeiro proxecto que entrou o 1.06.2016 e ata decembro non se sabía nada no concello respecto desde proxecto, de aí que se remitira a un segundo proxecto. Indica que o PP o único que quere son solucións, para o cal deberían xuntarse as dúas partes e chegar a un acordo. Cre que non hai vontade de solucionar este expediente e por iso se vai perde a subvención.

**Sr. Alcalde:** explica que tivo dúas reunións con Portos e o Concello remitíu o informe do arquitecto municipal, informe que non satisface a Portos. O certo é que o Concello non está a poñer trabas fronte a Portos, o que non se pode é pretender que o técnico municipal faga un informe a medida do que quere Portos de Galicia.

**Sr. Abalo Costa:** sinala que a ausencia de plan de usos implica que as obras aí realizadas son ilegais, se ben está de acordo en tratar de solucionar o expediente, polo ben da confraría de pescadores.



**Sr. Soliño Costas:** pide que falen con Portos para tratar de solucionar as cousas e recalca que é unha obra de mellora dun inmovible xa existente.

**Sr. Alcalde:** cre que é Portos quen debe requirir ao concello o que necesite, xa que é Portos quen pretende realizar a obra. Indica que hai quince días que pedíu unha entrevista co Presidente de Portos de Galicia e espera que o reciba en breve.

#### **VOTACIÓN E ACORDO:**

**Votos en contra:** 11 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG e 3 da ASPUN).

**Votos a favor:** 9 (7 dos/as concelleiros/as presentes do PP, do PsdeG-PSOE e 1 de Cangas Decide

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda rexeitar a proposta transcrita anteriormente.

#### **Expediente 5575/2017. Moción do grupo municipal PP de 16.08.17, s/ o ámbito do futuro parque empresarial de Cangas no PXOM**

**Desfavorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 8, En contra: 11,

Abstencións: 2, Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 30.08.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PP, presentada o día 16.08.2017, relativa ao ámbito do futuro parque empresarial de Cangas no PXOM, que é como segue:

*“En Xaneiro do presente ano o goberno municipal do Concello de Cangas anuncia o novo ámbito do futuro parque empresarial de Cangas situado en Borrallido-Gandón, no contorno da canteira.*

*Entendemos que a pesar da orografía en algunha das zonas do citado ámbito, esta é a única alternativa que ten posibilidade de ser desenvolvida no noso termo municipal, ademais de ter accesos axeitados e servizos próximos, non existen afeccións arqueolóxicas nin paisaxísticas que poidan condicionar o futuro desenvolvemento .*

*A superficie inicial era de 74 .280 m2, superficie que con posterioridade (27/02/2017) se reduce 43.175 m2, nos cales existe unha área, segundo a documentación que temos os grupos políticos, de aproximadamente 12.590 m2 en espazos naturais, e dicir que quedarían 30.585 m2 , dos que teríamos que descontar zonas verdes, viario e equipamentos, polo que os metros finais nin tan sequera acadarían os 20.000 m2 de superficie neta de terreos industriais, situación esta que fai inviable a citada actuación pois a repercusión dos servizos básicos (EDAR, auga, luz e accesos) en tan escasa superficie encarecería o terreo de xeito que o prezo do m2 se dispararía*

*Seguramente non é o momento de formular aquela actuación prevista pola Zona Franca no 2003*





Concello de Cangas

de 1,5 M. de m<sup>2</sup>, pero si unha superficie de aproximadamente 500.000 m<sup>2</sup> que se desenvolverá por fases en función da demanda .

Por todo iso efectuamos a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO** :

*O Pleno do Concello de Cangas acorda que se reflicte no documento de aprobación inicial do PXOM unha área de aproximadamente 500.000 m<sup>2</sup> coa cualificación de chan industrial previndo a creación de distintos sectores para o futuro desenvolvemento por fases en función da demanda.*”

**DELIBERACIÓNS:**

**Sra. Hermelo Piñeiro:** expón o contido da moción.

**Sr. Abalo Costa:** cre que o PP fai unha proposta lexítima relativa á preocupación pola existencia do solo industrial.

Considera interesante recoller esta proposta tanto para presentala ante o Consello Sectorial de Urbanismo e tamén ante o equipo redactor do PXOM, pero non para acordala en Pleno. Pide que se retire a moción co compromiso de que esta proposta se trasladará ao equipo redactor e para ser presentada ante o Consello Sectorial de Urbanismo.

**Sra. Hermelo Piñeiro:** di que o problema de facer un parque empresarial de tan poucos metros é que vai estar baleiro, polo que é conveniente que haxa chan a disposición das empresas. Non hai problema en presentar esta proposta ante o Consello Sectorial, pero cre que non é incompatible co acordo plenario.

**Sr. Alcalde:** entende que é máis conveniente plantexar esta proposta ante o equipo redactor sen pecharse polo pleno o número de metros cadrados ou outros extremos.

**Sra. Vizoso Marcos:** di que Xunta ten valorado en 1,7 millóns de m<sup>2</sup> o chan industrial baleiro en toda Galicia. Cre que é necesario profundizar sobre se o chan industrial ten demanda ou se é necesario propoñer outras alternativa. Non é de recibo continuar urbanizando os montes e creando chan industrial, se non está garantido que hai esa demanda en Cangas.

**Sra. Hermelo Piñeiro:** di que na zona proposta hai unha canteira, polo que non habería impacto.

**VOTACIÓN E ACORDO:**

**Votos a favor:** 7 dos/as concelleiros/as presentes do PP.

**Votos en contra:** 11 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN)

**Abstencións:** 2 (1 do concelleiro/a presente do PsdeG-PSOE e 1 de Cangas Decide).

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda rexeitar a proposta transcrita anteriormente.

Incidencias:

Cando son as 22:19 horas abandona o Salón de Sesiós o concelleiro Sr. Abalo Costa.

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



**Expediente 5613/2017. Moción do PS de G-PSOE de 24.08.17, s/ o mapa de emerxencias**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 12, En contra: 0, Abstencións: 8,  
Ausentes: 1

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 30.08.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PS de G-PSOE, do día 16.08.2017, relativa ao mapa de emerxencias, que é como segue:

*“A xestión das grandes emerxencias na provincia de Pontevedra tense convertido nunha auténtica crebadura de cabeza para as distintas Administracións públicas, pois aos danos provocados polas catástrofes súmanse despois as críticas sociais xeneralizadas pola mala xestión dende o Servizo do 112 e a nula coordinación entre todos os medios dispoñibles.*

*Os incendios na nave de Fandicosta (Moaña), en maio de 2016, e da carpintaría de Calvelo-Tenorio (Cerdedo-Cotobade), o pasado mes de xullo, desataron a indignación social tanto pola tardanza na atención por parte dos bombeiros, como pola escaseza de medios humanos e materiais cos que actuaron.*

*Diversos concellos da provincia de Pontevedra teñen xa expresado as súas queixas polos tempos de resposta con que se atenden as emerxencias dende os parques xestionados polo Consorcio Provincial do Servizo contra Incendios e Salvamento, creado no ano 2011 pola Deputación de Pontevedra e a Xunta de Galicia, que o participan ao 50%.*

*Non deixa de ser significativo que as dúas grandes emerxencias industriais producidas nestes dous últimos anos se teñan producido a escasos minutos do radio de acción dos dous principais parques de Bombeiros da provincia, situados en Vigo e Pontevedra, respectivamente, e con competencias e ámbito de actuación estritamente municipal. Parques aos que o 112 non pediu axuda ata que xa era tarde, perdendo así un tempo moi valioso.*

*Un recente estudo técnico da Deputación Provincial amosa a existencia de zonas de sombra (é dicir, áreas nas que a cobertura dos bombeiros non se produce antes de 20 minutos). A peor delas está no interior da provincia e abrangue os concellos de Ponte Caldelas, Cerdedo-Cotobade, A Lama e Campo Lameiro, cun tempo de resposta estimado de 50 minutos, aínda que en moitas ocasións chega ata as dúas horas. Sen embargo, acredita tamén unha cobertura insuficiente en Valga, A Estrada, Cuntis, Forcarei, Vila de Cruces, Agolada, Rodeiro, Dozón, Barro, Moraña, Fornelos de Montes, Covelo, Mondariz, Mondariz-Balneario, A Cañiza, Salvaterra de Miño, As Neves, Crecente, Arbo, Tomiño, O Rosal, A Guarda, Oia, Baiona, Nigrán, Gondomar, Poio, Vilaboa, Soutomaior e Pazos de Borbén.*

*A Xunta de Galicia, a través do conselleiro de Presidencia, Alfonso Rueda, limitouse a convocar unha xuntanza cos presidentes das Deputacións, esquivando aos concellos afectados, que son os que teñen que dar a cara diante dos cidadáns. O titular da Consellería abriu a porta á modificación do mapa de emerxencias, pero anticipou que a Xunta non está disposta a asumir ningún gasto. Na mesma liña expresouse o director xeral de Emerxencias, Luís Menor. E todo mentres se anuncia o crecemento do teito de gasto a inminente expansión do Orzamento da Xunta de Galicia ata os 10.000 millóns de euros. Como se as emerxencias e a seguridade cidadá non*



*fosen unha prioridade para este Goberno galego.*

*A planta de parques do consorcio provincial, causa da existencia destas zonas de sombra, foi decidida en 2011 polas dúas máximas autoridades dos socios institucionais que constituíron o Consorcio, é dicir, o ex-presidente da Deputación, Rafael Louzán, e o conselleiro de Presidencia, Alfonso Rueda. Ámbolos dous deron o visto bo a un modelo que situou os parques en Silleda, Vilagarcía, Ribadumia e Porriño, ó tempo que renunciou á comarcalización dos parques municipais de Vigo e Pontevedra. Máis aínda, apostaron pola adxudicación da xestión dos parques a empresas privadas, xerando así precariedade laboral e de medios, primeiro coa empresa Celta-Prix e agora coa súa sucesora, Martinsa.*

*Diante desta situación, a actual Deputación vén insistindo dende 2016 na necesidade de modificar o mapa de emerxencias e de repensalo cubrindo mellor o territorio da provincia. Mesmo nomeou o seu representante na comisión técnica encargada deste labor, sen que a Xunta de Galicia teña feito o propio. Se ben é certo, e así cómpre tamén destacalo, que non foi ata o recente estudo técnico cando a Deputación formulou un diagnóstico certo, e coincidente coas denuncias públicas dos concellos sobre a existencia destas zonas de sombra.*

*A Lei de Emerxencias de Galicia deixa claro, no seu artigo 11, que a Xunta de Galicia, a través do Consello da Xunta, ten as competencias para modificar o mapa de emerxencias no territorio galego. Ao mesmo tempo, a propia participación da Xunta nos consorcios provinciais deixa claro que estamos diante de competencias compartidas entre a Administración autonómica e as Deputacións Provinciais. Cómpre lembrar aquí que os concellos de menos de 20.000 habitantes, conforme ao disposto na Lei de Bases de Réxime Local, non teñen competencias en materia de bombeiros. A pesar disto, o debate público producido a partir do último incendio de Tenorio ten derivado nun cruce de acusacións sobre as competencias de cada quen. E, mesmo en declaracións frívolas tratando de culpar ao condutor dunha motobomba forestal, ou reclamando a dimisión do xerente do Consorcio Provincial por puro partidismo. Circunstancia esta última curiosa, cando no propio seo do Consorcio estase a tratar de promover a modificación do mapa de emerxencias dende hai tempo, sen atopar ata o día de hoxe a colaboración necesaria por parte da Xunta de Galicia.*

*Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista solicita ao pleno da corporación a toma dos seguintes*

**ACORDOS:**

*1.- Esixir da Consellería de Presidencia e da Presidencia da Xunta de Galicia, en atención ás competencias derivadas da Lei de Emerxencias de Galicia, a modificación inmediata do mapa de emerxencias, cando menos na provincia de Pontevedra, para acabar coas zonas de sombra e poñer en marcha un sistema de atención baseado en isócronas de 20 minutos.*

*2.- Instar á Xunta de Galicia e á Deputación Provincial a iniciar conversas inmediatas que solucionen as carencias do modelo actual, decidido en 2011 polo ex-presidente da Deputación, Rafael Louzán, e polo actual conselleiro de Presidencia, Alfonso Rueda, que deixa a numerosos concellos sen unha atención mínima nun servizo que resulta vital para a cidadanía.*

*3.- Instar á Xunta e á Deputación a incluír nas conversas aos concellos da provincia, a través dalgún representante ou a través da FEGAMP, para que a Administración máis próxima aos cidadáns teña voz e voto durante todo o proceso.*

*4.- Esixir ao Goberno Municipal de Cangas que elabore un Plan Municipal de Emerxencias -*



Concello de Cangas

*aínda que provisionalmente sexa básico- que sirva para dotar de protocolos de actuación aos servizos municipais.”*

**DELIBERACIÓNS:**

**Sr. Iglesias Santos:** explica o contido da moción.

**Sr. Pazos Varela:** di que votarán a favor, aclara que o Plan de Emerxencias municipal empezou a elaborarse sendo concelleira Maria Jose Vilas e continuose co goberno seguinte, se ben non se chegou a aprobar debidamente, previo debate e consenso entre os grupos.

**Sr. Millán Blanco:** di que se van a abster porque cre que hai unha incorrección na definición de competencias entre a Xunta e a Deputación. Di que están de acordo cos puntos 3 e 4.

**VOTACIÓN E ACORDO:**

**Votos a favor:** 12 (3 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN, 1 do PsdeG-PSOE e 1 de Cangas Decide).

**Abstencións:** 7 dos/as concelleiros/as presentes do PP.

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Incidencias:

Cando son as 22:25 horas incorpórase ao Salón de Sesiós o concelleiro Sr. Abalo Costa.

**Expediente 5611/2017. Moción de Cangas Decide de 25.08.17. s/ acceso ao camiño de Punta Couso**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 30.08.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal Cangas Decide, presentada o día 25.08.2017, relativa a que é como segue:

*“Nas ultimas semanas estamos a recibir, por numerosos veciños, queixas de que o acceso a Punta Couso está pechado, imposibilitando de maneira algunha o paso ata o faro situado ao final do camiño.*

*Tendo en conta que o Concello de Cangas é quen de velar polos intereses de tódolos cangueses. E polo que presentamos para seu debate no Pleno a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:*

*1. Poñer en marcha tódolos mecanismos posibles para esixir que este camiño sexa de acceso público.”*

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



**DELIBERACIÓNS:**

**Sr. Gestido Porto:** explica o obxecto da moción.

**Sr. Soliño Costas:** indica que o problema de Punta Couso vén de lonxe, fai referencia ao acontecido nos últimos anos en relación ao camiño. Cre que é evidente que este camiño debido ao seu interese público debe de ser camiño público, polo que pide a súa expropiación canto antes.

**Sr. Abalo Costa:** di que non descarta o expediente expropiatorio e de feito a aposta é inventariar o camiño como público. Fai referencia ás alteracións catastrais que sufríu o camiño. Sinala que Portos e Costas miran para outro lado ao tempo que indican que o Concello ten que garantir o acceso ao faro. Repite que pretende traer a pleno a inclusión do camiño no inventario municipal, sen descartar chegar á expropiación de ser necesario

**Sr. Iglesias Santos:** di que votará a favor. Indica a existencia dunha sentenza favorable ao carácter privado do camiño. Cre que Portos e Costas terán algo que dicir neste expediente

**Sr. Soliño Costas:** indica que a día de hoxe o problema no camiño é moi grave, polo que debería actuarse xa e non dar máis largas. Pide que se tramite o expediente expropiatorio xa.

**VOTACIÓN E ACORDO:** o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta presentada.

**Expediente 5614/2017. Moción de 25.08.17, s/ incorporación do pazo de Meirás ao patrimonio público e a salvagarda da memoria histórica**

<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
------------------	-----------------------------------------------------

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 30.08.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da Moción do día 25.08.2017, relativa á incorporación do pazo de Meirás ao patrimonio público e a salvagarda da memoria histórica que é como segue:

*“A xestión das visitas ao Pazo de Meirás, declarado Ben de Interese Cultural (BIC), ao cargo Fundación Nacional Francisco Franco, que de acordo cos seus propios estatutos ten como obxectivo difundir o legado do ditador, é unha vergoña nun estado democrático e unha ofensa ás vítimas da represión. Hai pouco, en varios comunicados, a entidade reafirmaba o seu compromiso, non coa memoria, senón co enxalzamento da ditadura e o seu caudillo, amais de negar a represión e humillar ás súas vítimas*

[http://www.fnff.es/Comunicado\\_El\\_Pazo\\_de\\_Meiras\\_3667\\_c.htm](http://www.fnff.es/Comunicado_El_Pazo_de_Meiras_3667_c.htm)

[http://www.fnff.es/Comunicado\\_La\\_peticion\\_de\\_ilegalizacion\\_de\\_la\\_FNFF\\_3677\\_c.htm](http://www.fnff.es/Comunicado_La_peticion_de_ilegalizacion_de_la_FNFF_3677_c.htm)

*Esta clase de fundacións e de pronunciamentos serían impensables noutras latitudes, onde estarían prohibidos por seren xestos de exaltación dun golpe de estado e corenta anos de ditadura militar que deixaron miles de vítimas inocentes.*

*Existe constancia do incumprimento reiterado do réxime de visitas que legalmente se estableceu, recollido na Lei de Patrimonio Cultural de Galicia para os Bens de Interese Cultural, de cando*



*menos catro días ao mes, e da atención telefónica debida, que se fai mediante un número que estivo desconectado durante meses. Feitos polos que a Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, abriu un expediente á familia do ditador, “propietaria” do pazo, con apercibimento de sanción, pola comisión dunha infracción administrativa en materia de patrimonio cultural, que será como máximo de 6.000 euros.*

*A Xunta de Galicia non pode tolerar pasivamente que a fundación se faga cargo da xestión do réxime de visitas ao BIC. Moito menos cando lle consta, en varias ocasións e por escrito, a disposición formal do Concello de Sada a asumir estas funcións.*

*A razón democrática esixe que as vítimas obteñan memoria, xustiza, respecto, recoñecemento e reparación. Reparación que non terá lugar mentres non se poña fin ao espolio que significou a adquisición por medio da ameaza, a extorsión e a presión da propiedade do Pazo de Meirás polo ditador, propiedade que segue a detentar os seus descendentes directos.*

*A propiedade e o uso do pazo por parte da familia Franco supón detentación, por título ilexítimo da súa causa e orixe, en canto resultado dun proceso de adquisición forzada e coactiva, fraudulentamente disfrazado en forma de doazón e compra-venta, tal e como acreditan probas documentais e estudos de investigadores e historiadores. Esta detentación polos herdeiros de Franco supón unha ofensa para a cidadanía, e supón un vestixio máis dos privilexios obtidos polo abuso da forza do réxime do terror.*

*Cómpre reparar a honra e a dignidade das persoas que foron roubadas e forzadas a ceder diñeiro e propiedades baixo risco de represalias por parte dunhas autoridades que non dubidaban en utilizar a violencia máis extrema.*

*A modificación da Lei 52/2007, da Memoria Histórica, e da lexislación estatal de fundacións, debe ter como obxectivo común tanto un maior recoñecemento das vítimas da represión e a reparación e reversión compensadora dos efectos, no primeiro caso, como o impedimento legal para que entidade como a Francisco Franco poidan impunemente e mesmo ao amparo da legalidade democrática divulgar, louvar e difundir o terror franquista, no segundo.*

*Obxectivo de modificación lexislativa que necesariamente debe contemplar as determinacións legais oportunas para que o Pazo de Meirás se incorpore ao patrimonio público, para a súa posta en valor asociada á memoria histórica, tal e como expresamente se prevé no Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Sada, pendente de aprobación definitiva.*

*A cidadanía véñse mobilizando para acadar, por fin, a reparación, a dignificación e a democratización da memoria, e neses obxectivos deberían atopar, unidos, a todos os grupos que forman parte da Corporación da Coruña.*

*Sada dá un paso adiante*

*O pasado Pleno da Corporación Municipal de Sada, de 12 de agosto de 2017, adoptou o seguinte acordo:*

*“1.- Apoio expreso do Pleno da Concello de Sada para, apoiando as solicitudes formuladas pola Alcaldía de Sada o pasado 31 de xullo e a do Concelleiro delegado de Promoción Económica, Turismo e Medio Ambiente de xullo de 2015, instar á Xunta de Galicia a solicitude de que sexa o Concello de Sada quen xestione o réxime de visitas ao BIC Pazo de Meirás.*





2.- Instar á Xunta de Galicia a que realice todas as actuacións tendentes a evitar e, no seu caso, non autorizar, que sexa a Fundación Nacional Francisco Franco quen xestione as visitas ao BIC Pazo de Meirás.

3.- Instar a Xunta de Galicia a que esixa aos propietarios que detentan o inmoble que cumpran co réxime de visitas ao BIC disposto na Lei de Patrimonio Cultural de Galicia, con independencia da resolución dos expedientes polos incumprimentos reiterados xa incoados, coa imposición da máxima sanción prevista en dita Lei para ditas infraccións.

4.- Demandar da Xunta de Galicia e goberno do Estado o apoio institucional a todas aquelas actuacións encamiñadas a recuperar o Pazo de Meirás para a titularidade e uso públicos.

5.- Formalizar declaración institucional de condena expresa ante os comunicados emitidos pola Fundación Nacional Francisco Franco así como de apoio á memoria das vítimas do franquismo.

6.- Instar ás Cortes do Estado, Grupos Parlamentarios e do goberno do Estado ás iniciativas lexislativas conducentes á modificación da vixente Lei 50/2002, de Fundacións, co obxecto de amparar a declaración como ilegais daquelas que como a Fundación Nacional Francisco Franco teñan por obxecto a homenaxe á vida e obra criminais do ditador.

7.- O Pleno da Corporación asume e comparte os acordos adoptados na sé da Deputación Provincial da Coruña en reunión celebrada o pasado día 9 de agosto de 2017, e que son os seguintes :

1.- Rexeitar a xestión por parte da Fundación Nacional Francisco Franco do programa de visitas ao Pazo de Meirás, apoiar a demanda do Concello de Sada de que sexa dita administración quen as xestione, e condenar as declaracións manifestadas a través dun comunicado e do seu portavoz de apoloxía do franquismo.

2.- Instar a modificación da Lei de Fundacións con obxecto de impedir a legalidade de fundacións que fagan apoloxía do franquismo.

3.- Realizar un estudo arredor do espolio e a apropiación do Pazo de Meirás por parte da familia Franco e sobre o proceso para posibilitar a súa devolución e incorporación ao patrimonio público.

4.- Reclamar a aprobación dunha Lei Galega da Memoria Histórica galega que, entre outros obxectivos, impida o enalzamento dos protagonistas da represión e inclúa as correspondentes disposicións relativas ao pazo de Meirás e á súa posta en valor asociado á recuperación da memoria historia.

5.-Constituír con carácter inmediato unha Xunta pro Devolución do Pazo de Meirás para o patrimonio público coa participación de institucións, asociacións, organizacións políticas, sociais, sindicais e fundacións co fin de poñer fin á posesión da propiedade pola familia Franco e a súa incorporación ao Patrimonio público. As institucións e entidades participantes, Deputación da Coruña, concellos da Coruña e Sada, Universidade da Coruña, IGM e CRMHC amosaron a súa intención de, previos os trámites preceptivos, se incorporar desde o inicio a dita Xunta.

8.- O Concello de Sada adhírese asínesmo a calquera outra iniciativa da sociedade civil tendente á incorporación do Pazo de Meirás ao patrimonio público.



9.- O Concello de Sada acorda expresar a vontade corporativa contraria ao proceder da familia Franco, herdeira do ditador, e en relación coas obrigas derivadas da propiedade que detenta do BIC-Pazo de Meirás. E aos efectos de tal referencia e intereses municipais, e como expresión simbólica de rexeitamento de tal proceder, declárala "non grata".

10.- Dar traslado do seguinte acordo á Xunta de Galicia, Grupos Parlamentarios do Parlamento de Galicia e das Cortes do Estado, Deputación provincial e Grupos provinciais, así como ao goberno do Estado.”

Neste acordo, que expresa a vontade de trasladalo a este Parlamento, reúnen-se obxectivos polos que levan loitado durante anos organizacións sociais e políticas e a cidadanía activa.

Creemos que esta Corporación debe de dar un apoio unánime a dito acordo e instar á Xunta e aos poderes do Estado a impulsar aquelas medidas concretas que nel se recollen como un compromiso por profundar na democracia e coa memoria histórica democrática.

Por todo o exposto os grupos asinantes propoñen ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes ACORDOS:

1.- Manifestar publicamente e por escrito a adhesión do Concello de Cangas ao acordo adoptado polo Pleno da Corporación do Concello de Sada o pasado 12 de agosto.

2.- Respaldar, participar e impulsar, dentro das competencias que lle corresponden ao Concello de Cangas, as iniciativas que se desenvolvan para garantir o cumprimento do acordado e a consecución dos seus obxectivos.

3.- Instar á Xunta de Galicia, así como aos poderes do Estado, a que dean efectivo cumprimento ao acordo referenciado no apartado 1 dentro do seu réxime competencial establecido.

4.- Dar traslado do seguinte acordo á Xunta de Galicia e aos grupos con representación no Parlamento de Galicia, nas Cortes Xerais do Estado, Deputación Provincial, así como ao Goberno do Estado.

5.- Dar conta de esta moción á Xunta de Galicia para declarar a Familia do Ditador e a Fundación Francisco Franco non gratas en Galiza.

6.- Apoiar a elaboración e aprobación dunha Lei Galega de Memoria Histórica na que se prohiba, persiga e sancione os actos de Exaltación do Franquismo e as entidades que os promovan.”

#### DELIBERACIÓNS:

**Sr. Hermelo Álvarez:** explica o contido da moción. Fai referencia aos engadidos presentados polo BNG e que se incorporar na Comisión Informativa.

**Sr. Gestido Porto:** di que votará a favor.

**Sr. Iglesias Santos:** di que votará a favor.



Concello de Cangas

**Sr. Soliño Costas:** pide que se cumpran as obrigas establecidas con respecto ao Pazo de Meirás, para que poida ser visitado nos termos que sexan preceptivos.

Pide que se declare persoa non grata a todo dictador que vulnere os dereitos humanos, tanto aos existentes coma aos pasados.

**VOTACIÓN E ACORDO:** o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta presentada.

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

### **Dación de conta das Resolúcións da Alcaldía ditadas desde o 25 de xullo ao 30 de agosto do 2017**

O Concello Pleno, queda informado do presente asunto

### **Dación de conta da execución presupostaria do segundo trimestre 2017**

O Concello Pleno queda informado do presente asunto.

### **Dación de conta do seguemento do plan de axuste, segundo trimestre 2017**

O Concello Pleno queda informado do presente asunto.

### **Dación de conta do informe de morosidade e periodo medio de pago, correspondente ao segundo trimestre 2017**

O Concello Pleno queda informado do presente asunto.

### **Expediente 3285/2017. Dación de conta dos informes de reparo de intervención segundo a base de execución núm. 38 do orzamento municipal**

O Concello Pleno queda informado do presente asunto.

Incidencias:

Cando son as 22:30 horas, abandona o Salón de Sesiós o concelleiro Sr. Abalo Costa.

## C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

---

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



**Concello de Cangas**

Sr. Sotelo Villar: pide que se conteste ás preguntas presentadas e se facilite a documentación solicitada por escrito ou tomarán medidas legais.

Sr. Alcalde: di que non respostará a preguntas en que lle falte ao respecto a alguén.

Sr. Sotelo Villar: di que grande parte da documentación desta sesión non estaba a disposición dos concelleiros.

Pide así mesmo que se lles dea acceso á documentación do rexistro de entrada e de saída do concello.

Sr. Alcalde: pide que os departamentos municipais correspondentes lles entreguen toda a documentación que soliciten.

Sr. Sotelo Villar: di que ata tres veces teñen solicitado a mesma documentación e non se lles entregou.

Sr. Millán Blanco: di que solicitaron a finais de maio documentación sobre contratos menores que non se lles foi entregada aínda.

Sr. Millán Blanco: A Comisión Especial de Contas debería terse realizado antes do un de xullo, pregunta porque aínda non se convocou.

Sr. Alcalde: di que o consultará co Sr. Abalo Costa e co Sr. Interventor, para pode respostarlle.

Sr. Millán Blanco: en relación co ROM, no primeiro punto permitíuse que interviñesen dous concelleiros para expoñer o expediente ¿É algo que se fará sempre a partir de agora?

Sr. Alcalde: di que interviron dous concelleiros coma portavoces de dous grupos municipais diferentes.

## **DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850